

Universidade da Coruña

Resolución do 20 de maio de 1991 pola que se nomea catedrático de universidade, da área de coñecemento de socioloxía, do Departamento de Socioloxía, a José Luis Veira Veira.

De conformidade coa proposta elevada pola comisión para xulga-lo concurso, convocado por resolución da Universidade da Coruña, de 22-5-90 (BOE 20-6-90) para a provisión da praza núm. 036/1990 de catedrático de universidade da área de coñecemento de socioloxía do Departamento de Socioloxía desta universidade, a favor de José Luis Veira Veira, e cumprindo o interesado os requisitos a que alude o apartado do art. 5.º do Real decreto 1.888/1984, do 26 de setembro;

Este rectorado, en uso das atribucións conferidas polo art. 42 da Lei 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a José Luis Veira Veira catedrático de universidade da área de coñecemento de socioloxía do Departamento de Socioloxía desta universidade.

A Coruña, 20 de maio de 1991.

José Luis Meilán Gil
Rector da Universidade da Coruña

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número un de Padrón

Cédula de notificación (385/1985).

Fernando Lage Santamaría, secretario do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número un de Padrón (A Coruña), dou fe: Que nos autos de xuízo de faltas n.º 385/1985, seguidos perante este xulgado sobre danos en accidente de circulación, nos que é denunciado Abelardo - A. Suárez Arevano e responsable civil subsidiaria Antonia Núñez Peral, recaeu sentencia, que na súa parte dispositiva di:

Decido: Que debo condenar e condeno a Abelardo Antonio Suárez Arevano, como autor criminal e civilmente responsable dunha falta de imprudencia con resultado de danos do artigo 600 do C.P. á pena de 29.000 ptas. de multa, con 15 días de responsabilidade persoal subsidiaria no cárcere, se previa excusión dos seus bens, non paga a multa no termo dunha audiencia, e a que con responsabilidade subsidiaria de Antonia Núñez Peral indemnice a Amador Cerqueiras Turmes na suma de 76.000 ptas. por tódolos conceptos, con aplicación do interese anual do 11% desde a data da sentencia ata a súa total execución.

E para que conste e para a súa inserción no DOG, co fin de que sirva de notificación a Abelardo A. Suárez Arevano e Antonia Núñez Peral, expido e asino a presente cédula en Padrón o 25 de abril de 1991.

O Secretario
Rubricado

Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número un de Santiago de Compostela

Edicto (169/1991).

Manuel Pérez Echenique, maxistrado xufiz do Xulgado de Primeira Instancia número un de Santiago de Compostela, fai público que co número 169 de 1991 se tramita perante este xulgado expediente de dominio por instancia de Rosa Mariño Pampín, que actúa en beneficio da comunidade que forma cos seus irmáns María Pilar Rosa e Luis Mariño Pampín, para reanuda-lo trato sucesivo interrompido e inscribir no Rexistro da Propiedade o seguinte predio.

Urbano.—Casa número 10 da rúa da Caldeirería desta cidade de Santiago, que está limitada por dúas fachadas e tres medianeiras, que cerran un perímetro de forma trapecial, de setenta e seis centímetros e tres decímetros de superficie, sen conta-lo espesor daquelas. Consta de planta baixa e tres pisos coa súa fachada de cachotería e contornado de ocos de cantería. Limita polo norte e sur coa testamentaría de Jovita Labarta Aguín e Evaristo Louzao López respectivamente; polo leste a rúa da Caldeirería e polo oeste coas casas de Francisco López e Miguel Seijo, patio no medio.

En virtude do acordado e do dispuesto na Lei e regulamento hipotecario, por medio do presente edicto convócase e citase ás persoas que se dirán para que dentro do prazo de dez días comparezan perante este xulgado e expediente alegando o que conveña ó seu de-reito.

1.º —Ás persoas ignoradas ás que poida prexudicá-la inscrpción sinalada e ás que se titulen con algún de-reito real constituído.

2.º —Ós herdeiros, sucesores e habentes causa das titulares rexistrais e persoas das que procede o predio, María e Dolores Pampín Puga, entre eles María Pilar Rosa e Luis Mariño Pampín e Cándido Lago Pampín.

3.º —Ós estremeiros relacionados e ós actuais José Bao Martínez e Dolores Creo Cobas, e ós inquilinos Julia Castelo Losada, Claudio Vázquez Vázquez e José Benito Calvo, e ós referidos copartícipes María Pilar Rosa e Luis Mariño Pampín.

Dado en Santiago o 17 de abril de 1991.

O Maxistrado Xufiz
Rubricado

O Secretario
Rubricado

Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número catro de Santiago de Compostela

Cédula de citación (1.883/1987).

En virtude do acordado por Lorenzo Villalpando Lucas, secretario do Xulgado de Instrucción número catro dos de Santiago, na providencia desta data, dictada